

Primaria

Ciencias da natureza 1

Programación

Unidade 6

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

As plantas

Descrición da unidade

O tema xira en torno ás plantas. Partiremos de conceptos previos anteriormente adquiridos polo neno ata alcanzar e interiorizar as novas aprendizaxes. Introduciranse diversos conceptos e vocabulario novos. Debemos ter en conta que é un tema moi motivador para o neno e é posible a observación directa relacionada cos conceptos que imos tratar. Os valores que se van traballar xiran en torno ao coidado das plantas e a responsabilidade, facendo fincapé na importancia que teñen para os seres vivos.

A lámina inicial permítenos comezar un diálogo e achegarnos ao tema que tratamos, xa que é imprescindible saber os coñecementos previos dos que partimos.

Os contidos que se traballan nesta unidade son:

- Características das plantas.
- Tipos de plantas.
- Plantas cultivadas e plantas silvestres.

Temporalización

Maio

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as principais características as plantas
- Coñecer as partes dunha planta
- Diferenciar as plantas cultivadas e as plantas silvestres.

3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento das necesidades das plantas para vivir. • Coñecemento das partes dunha planta. • Diferenciación dos tipos de plantas: árbores, arbustos e herbas. • Coñecemento das plantas cultivadas e as plantas silvestres. • Comprensión de informacións e adquisición de vocabulario en relación coas plantas, así como mostrar interese pola lectura e as informacións orais sobre as plantas. • Seguimento dun ritmo. 	1. Coñecer as necesidades das plantas para vivir	1.1. Coñece as necesidades da planta para vivir: aire, auga e sol. 1.2. Coñece por onde absorbe a auga unha planta e por onde respira.
	2. Coñecer o nome das partes dunha planta.	2.1. Coñece o nome das partes dunha planta.
	3. Coñecer as características que diferencian os tipos de plantas.	3.1. Recoñece as características que diferencian unha árbore, un arbusto e unha herba. 3.2. Nomea diferentes árbores, arbustos e herbas. 3.3. Relaciona cada árbore co nome do bosque correspondente.
	4. Recoñecer as plantas cultivadas e as plantas silvestres.	4.1. Recoñece as plantas cultivadas e as plantas silvestres.
	5. Coñecer as partes comestibles das plantas	5.1. Coñece e nomea as partes comestibles da planta.
	6. Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre as plantas e mostrar interese pola lectura de textos e informacións orais sobre os animais.	6.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre as plantas, mostra interese polas lecturas e informacións orais.
	7. Seguir un ritmo.	7.1. Sigue un ritmo, e crea ritmos con nomes de plantas.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Coñece a necesidade da planta para vivir: aire, auga e sol.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA, que traballa con texto, para coñecer as necesidades das plantas. • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Ficha de reforzo e ampliación dos RF.
1.2. Coñece por onde absorbe a auga unha planta e por onde respira.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Actividade do LA de Repaso da unidade.
2.1. Coñece o nome das partes dunha planta.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA, que traballa con texto, para coñecer as necesidades das plantas. • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Actividade do LA de Repaso da unidade. • Proxecto de investigación descrita na PD.
3.1. Recoñece as características que diferencian unha árbore, un arbusto e unha herba.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA, que traballa coa imaxe e o texto, para coñecer as características que diferencian as árbores, os arbustos e as herbas. • Actividades do LA. • Actividade de repaso da Unidade. • Actividades da PD. • Ficha de reforzo e de ampliación dos RF. • Proxecto de investigación descrita na PD.
3.2. Nomea diferentes árbores, arbustos e herbas.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Ficha de reforzo e de ampliación dos RF. • Actividade de repaso da Unidade.

3.3. Relaciona cada árbore co nome do bosque correspondente.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD.
4.1. Recoñece as plantas cultivadas e as plantas silvestres.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA, que traballa coa imaxe e o texto, para coñecer as principais características que diferencian as plantas silvestres e as plantas cultivadas. • Actividades do LA. • Actividades da PD • Ficha de reforzo e de ampliación dos RF.
4.2. Relaciona cada planta co que se obtén dela.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Ficha de reforzo e ampliación dos RF.
5.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre as plantas, mostra interese polas lecturas e informacións orais.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD.
6.1. Sigue un ritmo, e crea ritmos con nomes de plantas.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA no apartado de intelixencias múltiples. • Actividades da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.	Uso correcto de termos relacionados coas plantas
	Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.	Describe de forma oral os contidos relacionados coa unidade.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Utiliza os coñecementos da unidade para desenvolver uns hábitos de comportamento responsable coas plantas.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.
<i>Aprender a aprender.</i>	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Sigue un ritmo.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	É respectuoso coas normas deportivas e a relación cos seus iguais
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Utiliza os coñecementos da unidade para desenvolver uns hábitos de comportamento responsable coas plantas
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.	Participa activamente nas actividades de traballo cooperativo
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Traballamos co texto e a imaxe inicial.

- Identificamos ideas previas no LA e suxestións metodolóxicas na PD.
- Realizamos os exercicios do LA e da PD de “Que sabemos”

Tarefa 2: Coñecemos as características físicas das plantas e a necesidade de auga, aire e sol para vivir.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD
- Observamos as imaxes e lemos o texto para coñecer as características das plantas.
- Realizamos as actividades do A e as actividades da PD.
- Completamos con actividades das fichas de reforzo e ampliación dos RF.
- Realizamos o proxecto de investigación como se propón na PD.

Tarefa 3: Coñecemos as principais características que diferencian as árbores, os arbustos e as herbas.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e da PD.
- Completamos con actividades das fichas de reforzo e ampliación dos RF.
- Realizamos o proxecto de investigación como se propón na PD.
- Expoñemos a curiosidade proposta na PD.

Tarefa 4: Expoñemos as diferenzas entre plantas cultivadas e silvestres e coñecemos os beneficios que nos achegan as plantas.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD
- Realizamos as actividades do LA e as actividades da PD.
- Completamos con actividades das fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 5: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Realizamos as actividades da PD.
- Traballamos de xeito cooperativo como propón a PD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Expoñemos a curiosidade proposta na PD.
- Realizamos o proxecto de investigación como se propón na PD.
- Aplicamos as estratexias de aprendizaxe cooperativa tal e como se propón na PD.

Tarefa 6: Tarefas

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e da PD.
- Aplicamos as estratexias de aprendizaxe cooperativa tal e como se propón na PD.

Tarefa 7: Repaso trimestral

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- As actividades que se propoñen nesta unidade permiten que o profesor observe como os seus alumnos rodean, unen, colorean, subliñan e así saiba o nivel no que se encontran e o seu grao de habilidade para executalas. Segundo as necesidades do alumnado, insistiremos máis no reforzo ou no que aprenden de novo.
- A lámina motivadora e as actividades da páxina “Que sabemos” axudarannos a comprobar os coñecementos previos dos alumnos.
- Exposición do profesor. As explicacións dos contidos da unidade deberán ir acompañadas de exemplos próximos ao neno ou axudadas por material manipulativo.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 alumnos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da Natureza:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Materiais: murais, cartolinas, pinturas...
- Mural da unidade, no que se mostran imaxes de plantas

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>
- Xogo interactivo sobre as plantas:
http://ares.cnice.mec.es/ciengehi/a/01/animaciones/a_fa10_00.html

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis da unidade e no libro dixital).
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?